

CONTRA POEMAS

EN LEMBRANZA DE XOSE MANUEL QUINTELA GONZÁLEZ

A morte é coma un vidro escuro, groso e frío, as palabras non poden atravesalo. Non se pode dicir moito da morte, apenas que é inxusta, que se fai aínda máis odiosa cando leva aos mellores, cando leva aos máis necesarios; cando tronza a vida e as ilusións de quen nos deu tanta ilusión a todos.

Ramón Caride Ogando

A MORTE DO PATRIOTA

In memorian de Filiberto Ojeda Ríos

A o son de bomba e plena

Camarada Filiberto Ojeda

Quedou túa patria chea

Co exemplo que ti nos queda.

Era a Lua testigo da túa morte

E eran cen os teus asesinos

Era roxa a túa derradeira sorte

Era a tua sangue o color de todos os viños.

Pero eles nunca poderán contigo

Tua fronte serena de voz e de alento

Foi esa tarde teu fiel testigo

E fuches furacán en mil pedazos de vento.

Foi teu venres de pasión

Crucificaronte con balas

Ningunha pudo co teu corazón

Endexamaís calarán as túas palabras.

Maldita sexa o imperialismo

Maldito e maldito sea

Cuando se asenta en tanto cinismo

E en tanto mal se recrea.

Virán amenceres sin medo nin terrores

En que o teu pobo ame os seus cantares

E te eleven a tí os altares

Reservado os libertadores.

Chegará a Libertá de donde sea

Camarada Filiberto Ojeda Ríos

Será a túa morte o himno donde se recrea

A verdá dos teus soños e alouminos.

Que sea o teu pobo unha rama de olivo

Que sea a voz dun solo cantar

Que sean os versos de Loyza en vivo

Que sea a túa bandeira o sonido do mar.

Nota:

Filiberto Ojeda Ríos, era líder do exercito popular boricua “Los Macheteros” e foi asesinado polo F.B.I. o 23 de Setembro do 2005 en Puerto Rico.

Moreu como un héroe. ¡VIVA PUERTO RICO LIBRE!

Carta a Novoneyra

Dende aquel tempo
en que empezamos a soñar,
estabas ti na poesía.
Logo con pasos pequenos,
empezamos a seguir o teu camiño.
Ti eras xa a poesía,
os recantos das cousas ditas en mil nomes.
Nos abríamos o pranto no berce xuvenil
e despertamos.
Abrimos a porta e detrás da neboa,
albiscamos O Courel, e escoitamos a túa palabra rompenete.
Agora eu dende lonxe faio como as arañas,
e tezo silandeiro unha bagoa dende os rañaceus po lo Atlántico,
ate chegar a Fisterra.
Non sei como agradecerte tantas palabras,
que fixeron, terra, monte e mar no meu peito.
A morte non importa por que sempre queda,
o sonido dos recunchos e a memoria faise aire,
que viaxa po la terra que nos abraza.
Ate entón Amigo NOVONEYRA falamos.

Nova Iork, Xullo do 2006

Este e un poema de ciencia –ficción, calquer parecido coa realidá e pura casualidade.

HOMENAXE OS TRÁNSFUGAS

Meu caro concellal
de calquer concello
Ti que eres un raposo vello
e sabes traballar tan mal

Ti que tes pel de camaleón
que a calquer ideoloxía te adaptas \$
tes cheiro de ratas
e cabes en calquer caixón.

Especialista e tráfuga
eres ti un elemento
que vira a canda o vento
o mesmo pra USA que pra Cuba.

Regalarémoste un traxe
de cartón e papel mollado
pois túa palabra e papel queimado
tirado na garaxe.

Vella puta fanada
peideiro político Traidor.
Que non sabes o que e o honor
da palabra antes dada.

MAR, MEU MAR

Mar da miña Vila Guardesa
de feitizo en festa vestida,
levote no corazón da miña vida,
como relicário dunha promesa.

Tuas lenes ondas de muiñeira cotián
salpican versos de espuma que devala,
e solo te entende aquel que na túa lingua fala,
e aperta a tua solidaria man.

Mar que pintas a paisaxe mariñeira,
que levas a esperanza e deixas penas,
na ausencia dos que se van son condenas
convertidas a volta en ledícia e feira.

Cada vez que vou lonxe levote connigo
eres unha lembranza, un soño de caracolas,
eres o monólogo de estar a solas
e tamen eres o ausente amigo.

Mar de terra adentro que bañas o arado

de noites campesiñas en cheiro de argazo
de música na cantadoira que soña a cada paso
na frescura do teu arrecendo feito engado

Mar de piñeirais
que vogas na sombra dos outos penedos
que ruxen co vento queixumes e segredos
dos teus abrazos señoriais

No berce sonoro do teu aloumiño
escoito as voces dese teu cantar
acompasado nas verbas. no grito de Mar
que atravesa os montes e dorme no Miño

Mar, meu mar si morro un día
quero aloumiñarme contigo
por que morto pensarei que estou vivo
nun mar de auga e poesía.

MEUS AMIGOS

Veño amigos a celebrar este día
De romería, no Monte Faro
E veño coa palabra mais sinxela
Da miña poesía
Fálovos e convòcovos a amizade,
Do soño e da palabra
Eu que veño de lonxe de moi lonxe
Falo co corazón dos que van e veñen
Veño dende a outra orela do Atlántico.
Donde os rañaceus fíren os soños e acoitelan a Deus
Veño na busca do vento ferido polos cabalos,
Que xoga as escondidas nos rexos carballos
E, énchome de verde deste Monte Faro,
Para guardar connmigo a coor que eu amo.
Traio o canto triste meus amigos
Por que eu tamén veño dun país de Enanos
Refuxiome hoxe nesta aperta da lembranza
E comparto a poesía como unha Pomba solidaria.
Pero sei que seguíreis sufrindo,
Por aqueles que aló lonxe
Renegan da nosa fala.
Teño o tempo e a esperanza

De que muden as cousas que hoxe me abafan.
Veño amigos coa canción do vento, fermoso da palabra
Que sexa un no aire, e floreza a nosa lingua
Mais aló dos vales e montanas
Meus amigos, convócovos a extensión da poesía
Sempre solidaria.
Por iso hoxe a miña fala e unha aperta
Que devala polas vosas almas.
Meus amigos. Meus amigos.

Homenaxe no Monte Faro a o trovador Xoán de Requeixo
Verán do 2003

OUTROS TEMPOS

A Xoán Noia

Inverno do 1980

Foi noutros tempos
En que os corvos das saias longas
Asustaban os nenos,
Consolaban as viúvas,
E castigaban co inferno.
Eran eles vencedores
Donos da verdá franquista,
Que Baixo o palio da igrexa
Espoliaban a liberdade.
Coa forza dos seus fusiles..
Erádes vos compañeiros
O facho da senardade
Contra toda maldade,
Do fascio que triunfaba.

Fuxistes polos camiños,
Puxeron prezo as vosas vidas
E axudados por bos veciños
Conseguistes certas saídas.
Non poideron con todos.
Hoxe camiñamos ergueitos
Sin esquecer a memoria,
Nos contarémola historia
Por decencia e por razón.

POEMA DE FIN DE ANO

Doime vivir este fin de ano
Con este door cangado en aloumiño
Con esta bagoa de neboa dende o Miño.
Doime esta door de ser humano.

Doime pensar que nada existe
Mais aló da fronteira e da morte.
Doime vivir este sentimento de sorte
Que hoxe na miña fe se resiste.

Eu que amo a vida cada día
Non encontro razón da existencia
Non entendo a fame en podremía
Nin a fe en abstinencia
Nun idolatro os héroes en porfía
Nin confundo o amor coa cencia.

Dame asco as mentiras solidarias
A ardentía dos falsos Mesías
E loito por asumir todos os días
Estas existencias de filosofías urticárias.

Decembro do 2007

CORAZÓN DE BUXO

Pra o cantautor Tino Baz

Así quero cantar hoxe

Así quero cantar sempre...

Amigo Tino Baz: Hoxe te escribo

e escribo dende lonxe coa ledicia

de saber que teño un gran gaiteiro por amigo,

compañeiro do vento, da palabra e de Galicia.

Tí es a nova forza do Olimpo

aquel que herdou a cultura dos antepasados

e hoxe cántanos fronte a un ceu limpo

de rapaces novos e vellos namorados.

Como un bardo galego ti cantas

e faes sentirnos na palabra e na beleza.

Con un grito da terra ti levantas,

e dispós o teu folklore na nosa mesa.

Ti e a gaita sodes a mesma cousa

por que tí tes corazón de buxo;

e fas chorar os que teñen por corazón unha lousa

cuando escoitan abraiados o teu aturuxo.

Ai se o mar que mudo te escoita
pudera cantar aló na riveira
e fixera das súas ondas un balbordo de loita
que nunca se apartara da túa veira.

E así feito buxo o corazón
aguantará todas as tempestades.
Terá o fol no seu roncón
a protesta de todas as verdades.

Meu caro amigo da lonxana terra
escoitote no Atlántico dende a outra orela
e na lembranza do roncón de buxo que berra
a miña imaxe e hoxe un mar, nun berce de gamela.

PRIMEIRO DE MAIO

Para o compañeiro Ricardo Rodriguez.
Segretario de CC.OO. de A Guarda.

COMPAÑEIRO DO METAL
TUA VOZ SOA A FOUCE E MARTELO
E ALGUNS COMO LLES SOA MAL.

Neste primeiro de Maio

Día da clase obreira.

Mándovos o meu saúdo

Dende terra estranxeira.

Cun berro no corazón

E o ideal sempre erguido

Non negedes a condición

Nin lle cambiéis o sentido.

Dame xenreira ollar

O obreiro mal parido

Ese de moito parolar

Que a cotián vive vendido.

O que por comodidá
Soio vai o sindicato
Quando o patrón io vai a votar
Para que lle compoñan o atranco.

Neste primeiro de Maio
Non esquezamos non
Os que a súa vida deixaron
Para nosa redenzòn.

Nunca na nosa inorancia pensemos
Que os dereitos que hoxe disfrutamos.
O patrón llo debemos,
Non sexamos enanos.
E de novo a miña aperta
Dende a lonxana emigración
Sun para vos unha ventana aberta.
Dende o mais fondo da miña paixòn.

PRIMEIRO DE MAIO do 1985

RETRATO

A o meu tío Celestino (Piñeiro)

Era o meu tío Celestino Piñeiro

Un home pequeno de grande estatura.

Cuando era mozo foi carreteiro,
de fácil palabra e moita cultura.

Traballou arreo noites e días,
deixou a pel aló nas “Cachadas.”

Supo cedo que as xusticias nunca son dadas
aqueles que en verda ías merecías.

Durante a súa vida, fixo moitos favores,
regalou ganchas e anciños,
coas intencións millores,
de facer ben a todos os veciños.

Era este meu tío, crítico da igrexa e compañía,
inda que por si acaso escoitaba misa.

Era a honradez a súa divisa
sabedor tamen que de pouco servía.

Foi tamen victima da Santa Cruzada,
pois serviu obrigado o asesino Franco
e ahora sentado nun banco,
parecelle un soño a cruz e a espada.

Tuvo mala sorte meu tío
por nacer nun tempo asqueroso,
de fame de odio e frío,
de lembranzas que hoxe dan noxo.

Mais como decía Bécquer un día
Cuantas veces así dorme o xenio no fondo da alma
e unha voz como Lázaro espera que lle diga,
Levántate e anda.

Así pasaron o devalar de noites e anos.
Cumpliu como cidadan e ahora espera,
que despois de esquivar tantos enganós
no xuicio final chegue a xusticia verdadeira.

Francisco Álvarez - Koki
Maio do 2006

SULAGOUSE

Sulagouse a noite

Cos teus ollos pechados.

Sulagouse...

Teu Corpo espido

Parece unha noite longa,

Pechada nun cadalsito.

As tebras volveronse brétemas.

A ilusión enfeitizouse pranto.

No intre dun silencio,

Pendura...

Todo canto se pensa,

Todo cuanto se arela.

Cen olladas te miran

Cinguidas o tempo.

Unha campa verde

Acóllete no seu seo.

O marmurio do vento

Chora polos penedos.

E o sepulturéiro,
Dache o derradeiro adeus,
Co mesmo Martelo que un día.
Fixeches ti de canteiro.

Homenaxe ao escultor Xoán Piñeiro
Vigo Ministerio de Cultura 1984

TARDE DE FERIA EN GRANADA
A Federico García Lorca. Inmemoriam

Onte pola tarde chegaron
os gitanos da serra
cos seus carros misteriosos
envoltos en neboa de seda.

Xa de lonxe escoitabanse
as tixouras e os cans
que cos seus doces ladridos
anunciaban o seu camiñar.

Toda Granada adornou
as súas brancas casas pra feria
nos seus balcóns colgou
rosales e bandeiras.

Xa a campana toca facendo a súa chamada
e a igrexa abre o día
coa súa eterna badelada.

Antonito O Camborio
baixa pola ‘vaguada’
mentras o aire cortase
co fío da súa navalla.

Os seus ollos de mihura
reflitesse na auga

e a súa ialma gitana, canta por soleares.

A Garda civil paséase

arroutada pola praza

pra impor o orden a golpes de culata.

A voz do Crego que grita

fai tremer a estancia

no seu sermón predica

que hai que salvar a alma.

Os santos todos de gala

sorrín as súas palabras

como se na súa inocencia quixeran

desmentir a sotana.

Os grilos festexan o día

coa súa sinfonía romántica

o fondo xogan os nenos

descalzos e en alpargatas

con bubuxas de xabón e cabaliños de prata.

e mentras todos soñan Federico recita na praza.

Homenaxe dos poetas Galegos a Federico Garcia Lorca
PEN CLUBE DE GALIZA

Nova York Outono do 2006

VENTO FERIDO

Meu caro compañeiro TAXOTA

Galicia Suroeste dame a nova

En clave de dolor que me provoca

Un latexo, con sabor a fel e a cova

Escíbote dende lonxe, non importa

O sitio donde io faia se non o amor,

Fidel a amizade que e unha porta

Aberta a un sentimento de dolor.

Este verán xa non terei conversas,

Se non e no espacio que recreas.

Eu sei que buscarei as túas verbas.

E ollarei por donde tí paseas.

Túas cinzas, sorriso da túa vila

Estercola mencies de esperanza

Tí que fuches héroe contra Atila

Eres para nos todo loubanza.

Presente estás no cúmio da nosa aldea

No arrecendo dos ventos e no orballo,

Na espuma, caracol da marea

No ideal, raíces de Carballo.

Subirei contigo calquer tarde,

A soñar as antigas liberdades,

Namentras te escoito, meu corazón arde

No silencio das túas verdades.

Nova York Maio do 2007

Pobre contrabandista

Que de peón camiñeiro

Chegaste a burro flautista...

Como e que sendo concellal

E non sendo cazurro

Sexas tí tan burro

E fagas as cousas tan mal.

Arquitecto de pala arrasadora

Que nos planchas os camiños,

E a túa cultura unha apisonadora

Que busca novos destiños.

Que será de ti mañan

Cuando te encontres coa concencia,

E vexas que a tua pobre decencia

Está tirada polo chan.

Homenaxe o cuadro
da “ Muller coa fouce “
de Castelao, en Nova York.

Poema da desolación

Habito nunha terra sulagada,
No deserto.
Habito no corazón mancado dos Galegos.
Doime o desprezo,
Das súas voces en castrapo.
Doime a súa galeguidade,
Tan grande como os seus bandullos.
Desprezan a lingua e están presos
Da lembranza antiga.
Maldito pensamento.
Por pensar que son menos,
Falan noutra lingua, sempre en estranxeiro.
Eles son testigos da suá propia morte.
Levando na conciencia o sabor da traición.
Que pouco queda o lonxe,
Daqueles devanceiros,
Orgullo do exilio, defensores bos.
Agora o can danado trabou no ceu azul,

E xa non temos luz.
Hai un trebón ergeito no teito dos Galegos,
E miran a galeguidade co ollo do cu.
Tan soio neste deserto hai un cuadro coa fouce.
Muller en rebeldía que nos defende,
E nos mira de tu a tu.
Un cuadro no exilio que lembra os Galegos,
Na súa propia lingua,
O espíritu noso.
Pero o cuadro esta preso,
De frío de ignorancia,
Alí io teñen teso.
Contra un rincón perdido dun centro galego,
Que podía chamarse.
Casa da Collona ou do esquecemento.
Meu Deus, que soio me sinto,
No exilio doutro exilio.